

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 19 DE OUTUBRO DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.
- Proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.

---

**A XUNTA DISPORÁ EN 2016 DE 430 MILLÓNS DE EUROS MÁIS PARA ELEVAR INVESTIMENTOS, AUMENTAR GASTO SOCIAL E LEVAR A RECUPERACIÓN A TODOS OS FOGARES**

- *Os Orzamentos medran un 4,3% e ascenden ata os 8.804 millóns de euros*
- *A maior baixada fiscal da Autonomía terá un impacto de arredor de 140 millóns*
- *O gasto non financeiro aumenta en 365 millóns, ao que se suman os 65 millóns de euros de aforro en xuros da débeda grazas á boa xestión*
- *O Goberno galego revisa á alza o crecemento da economía galega para 2016, que será do 2,5%, mentres que a taxa de paro baixará case 2 puntos*
- *Os investimentos medran un 14%, o gasto en sanidade e educación aumenta en case 200 millóns de euros, e os fondos para políticas de emprego crecen un 15%*
- *No eido social, a Xunta destinará 324 millóns á dependencia para incorporar 10.000 novos beneficiarios, e dedica 20 millóns ao plan de loita contra a desigualdade*
- *Os Orzamentos inclúen unha tarxeta familiar de 100 euros mensuais por neno nado a partir do 1 de xaneiro de 2016*
- *A rebaixa do IRPF beneficiará o 98,5% dos contribuíntes e permitirá un aforro de ata 380 euros por persoa*
- *Os empregados públicos terán un incremento salarial do 1% e recuperarán o 50% restante da paga extra de 2012*
- *As contas aprobadas hoxe polo Executivo galego garanten de novo a redución do déficit e o cumprimento do obxectivo de estabilidade para 2016, fixado no 0,3%*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade autónoma para o 2016, as primeiras contas expansivas da Administración galega dende 2008. Así, a Xunta disporá o vindeiro ano de 430 millóns de euros máis que no actual exercicio, o que permitirá elevar os investimentos produtivos e trasladar a recuperación económica a todos os fogares a través de novas medidas sociais e baixadas de impostos.

Así, o gasto non financeiro sitúase en 8.804 millóns de euros, cun incremento do 4,3% respecto ao presente exercicio. Ademais da Lei de orzamentos, o Goberno galego tamén aprobou o proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas, no que se inclúen –entre outras- as baixadas fiscais no IRPF, no Imposto sobre sucesións e doazóns e no rural.

Estes orzamentos son os primeiros nos que se produce unha importante recuperación dos ingresos, froito da mellor situación económica. Precisamente, o Goberno galego revisa á alza a evolución do PIB galego para o 2016, cun crecemento do 2,5% -unha décima máis do previsto-, mentres que a taxa de desemprego seguirá baixando e reducirase case dous puntos ao longo do ano, ata situarse no 18,3%.

A Xunta disporá en 2016 de 430 millóns de euros máis de capacidade de gasto que neste exercicio, posto que ao incremento do gasto non financeiro (365 millóns) hai que sumarlle a redución do capítulo de gasto de débeda (65 millóns). Precisamente, a boa xestión do

—

endebedamento que levou a cabo o Goberno galego permitirá diminuír o gasto en tipos de xuro en case un 20%, que se engade á baixada do 5% que se rexistrou xa este ano.

### **Máis investimentos e competitividade**

Os Orzamentos para 2016 inclúen un importante reforzo do capítulo investidor, que medra un 14% respecto ao actual exercicio. Así, a Xunta destinará 1.417 millóns de euros a investimentos reais e transferencias de capital, 174 millóns máis que en 2015, o que permitirá consolidar a Galicia entre as comunidades con maior esforzo investidor.

En canto á mellora da competitividade, a Xunta destinará 100 millóns de euros no apoio á industrialización e a internacionalización, mentres que as partidas para crecemento intelixente aumentan un 8,1 por cento e superan os 89 millóns.

No eido sanitario, a Xunta prevé rematar en 2016 as obras do novo edificio de hospitalización do CHOU e as obras de ampliación do Hospital de Salnés. Tamén se iniciará a primeira fase do Plan director do Complexo Hospitalario de Ferrol, coa remodelación dunha planta de hospitalización, e a ampliación do Hospital da Costa en Lugo.

### **O emprego e o gasto social como prioridades**

Entre as prioridades da Xunta para o vindeiro ano seguirá estando a creación de emprego e a mellora do mercado laboral galego. Para iso, o Goberno galego elevará un 15% as partidas para emprego, co obxectivo de mellorar a empregabilidade e prestando especial atención aos colectivos con maiores dificultades.

Ademais, a Xunta aumentará en 282 millóns de euros o gasto social, dos que preto de 200 irán destinados a sanidade e educación. De igual forma, mantense a firme aposta pola atención ás persoas con máis necesidades. Para iso, Galicia vai destinar 324 millóns de euros no capítulo de dependencia, o que permitirá incorporar 10.000 novos beneficiarios. Ademais, elévase a 53 millóns a partida destinada á Renda de Integración Social (Risga), mentres que o Plan social contra a desigualdade estará dotado con 20 millóns de euros.

Entre as novas medidas figura a posta en marcha dunha achega de 100 euros por neno nado a partir do 1 de xaneiro de 2016. Esta axuda –que beneficiará 8 de cada 10 fogares– está destinada a sufragar os gastos de alimentación, hixiene infantil, roupa e outros produtos de primeira necesidade durante o primeiro ano de vida. Tamén se porá en marcha o servizo de axuda no fogar para a infancia, para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral con especial atención ao rural.

### **140 millóns de euros de rebaixa fiscal**

A Xunta de Galicia aplicará en 2016 a maior baixada de impostos da historia da Comunidade autónoma, que terá especial incidencia no tramo autonómico do IRPF, no Imposto sobre sucesións e doazóns (ISD) e nun programa de impostos cero no rural. Estas rebaixas fiscais son posibles grazas á solvencia da Comunidade Autónoma e ao

cumprimento do déficit. De feito, as contas garanten de novo o cumprimento do déficit en 2016, que será do 0,3%, o que permitirá a Galicia reducir á menos da metade o recurso ao endebedamento.

No IRPF, a Xunta de Galicia aplicará unha rebaixa de carácter progresivo que vai beneficiar o 98,5% dos contribuíntes galegos, cun aforro medio estimado de ata 380 euros ao ano por contribuínte. Esta rebaixa será maior nas rendas baixas e medias, e en todo caso situará Galicia entre as comunidades con menor tributación nestas rendas.

En canto ao Imposto sobre sucesións, a Xunta elevará a 400.000 euros o mínimo exento de tributación. Deste xeito, o 99% dos galegos non pagarán este imposto cando herden como fillos, pais, avós, netos ou cónxuxes, e o 1% restante pagará menos. Galicia sitúase tamén entre as comunidades coa tributación máis baixa neste imposto.

Finalmente, no ámbito rural complétase un programa de impostos cero para favorecer a actividade neste eido. Así, ningunha transmisión de predios en solo rústico pagará imposto de transmisións patrimoniais; deixará de tributar a transmisión ou ampliación de explotacións agrarias; e as agrupacións de predios rústicos tampouco pagarán o Imposto de actos xurídicos documentados.

### **Empregados públicos**

No vindeiro ano a Xunta completará a devolución do 50% restante da paga extra de 2012, tal como se comprometeu o Goberno galego. Esta devolución negociarase coas organizacións sindicais, e a intención da Xunta é efectuala no primeiro trimestre do ano.

Ademais, as retribucións de todos os empregados públicos medrarán un 1%, o que supón o seu primeiro incremento dende 2010. E o Goberno galego tamén aplicará o réxime de días adicionais por antigüidade, que acordou coas organizacións sindicais.

### **Esforzo en Administración local e universidades**

O Goberno autonómico tamén manterá en 2015 o esforzo no financiamento da Administración local. Os concellos galegos recibirán o vindeiro ano un financiamento de máis de 116 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local, coa novidade da posta en marcha dun fondo específico para impulsar a fusión de concellos.

En canto ás universidades, tamén se mantén o esforzo de financiamento das institucións académicas que se veu facendo nos últimos orzamentos. Os Orzamentos para 2016 –que ascenden ata os 392 millóns- xa recollen a suba da partida a consecuencia da aplicación do novo Plan de financiamento universitario para o período 2016-2020, que repartirá 2.480 millóns de euros. Un terzo do financiamento estará ligado a resultados.

Logo da súa aprobación hoxe no Consello da Xunta, o proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade autónoma para o 2015 será remitido á Cámara galega para a súa tramitación parlamentaria, ao igual que o Proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.